

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 28/10/2021 14:41:52

SAIDA

16766/21



Reclamante: [REDACTED] en representación da [REDACTED]

Expediente. **RSCTG 130/2021**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED] presentada na Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia o 31 de xullo de 2021, que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 2 de setembro, remitida pola dita Secretaría, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 26 de outubro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro: Con data do 2 de setembro de 2021, tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo un oficio da Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia, co que remite dous escritos, un de recurso e outro de anexo ao recurso, que tiveron entrada na dita Secretaría o 31 de xullo de 2021, contra a resolución do 28 de xullo de 2021, ditada no procedemento de solicitude de información pública TR-7/2021, presentados por [REDACTED] en representación da [REDACTED]

██████████ para a súa tramitación como unha reclamación, ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O escrito de reclamación, contén valoracións e opinións sobre altos cargos e funcionarios da Administración autonómica e sobre procedemento xudiciais alleos á solicitude de acceso á información.

En resumo a Asociación alega no primeiro escrito que a resolución impugnada da informe sobre unha adxudicación dun contrato que non é nin o 1% do realizado por la Xunta de Galicia, non sendo posible localizar o resto, que a resolución non responde en absoluto ás solicitudes.

No segundo escrito o alega que o link remitido só mostra a adxudicación a unha axencia intermediaria, á que se lle encarga a xestión de intermediar na adxudicación contratos menores da Xunta de Galicia.

Considera que a resolución que se recorre non responde ás solicitude de obtención de copia das adxudicacións de contratos menores que corresponden legalmente á Secretaría Xeral de Medios coas redes sociais, ou acta e resolución da Secretaría na que conste a delegación en nome da mesma para delegar o poder de adxudicar contratos públicos aos intermediarios de comunicación. Neste escrito fanse tamén unha serie de consideracións, valoracións e opinións sobre altos cargos e funcionarios da Administración autonómica e sobre a súa forma de tramitar os expediente de contratación, alleos á solicitude de acceso á información.

Segundo.- Con data do 7 de setembro de 2021, solicitouse á Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia a remisión de copia do expediente e de informe sobre a reclamación presentada.

Terceiro. Con data do 20 de setembro de 2021 a Secretaría Xeral de Medios contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indica que en contestación á solicitude de acceso á documentación referente ás subvencións, orzamentos, contas anuais, retribucións, copia das actas e convenios de acordos correspondente ás campañas en redes sociais existentes nos rexistros da Xunta de Galicia dos anos 2013 a 2020 e previsión do 2021, ditouse Resolución do 28 de xullo de 2021, na que se admite a solicitude e se concede o acceso á información, comunicando á Asociación solicitante que toda a documentación e datos solicitados correspóndense cos do expediente PAS 1-2021 de contratación dun servizo para o desenvolvemento de accións de comunicación dixital das campañas de información pública no actual contexto epidemiolóxico, indicando o link de Contratos de Galicia no que se pode atopar toda a información solicitada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 7 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 7 de xaneiro, reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as

persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 7 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que a resolución impugnada ditouse con data do 28 de xullo de 2021, e a reclamación se presentou no rexistro da Xunta de Galicia o 31 do mesmo mes, debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

Como xa se fixo referencia nos apartado de antecedentes desta resolución, tanto no primeiro escrito de reclamación como no segundo, a asociación fai unha serie de valoracións e opinións sobre altos cargos e funcionarios da Administración autonómica, e sobre a súa forma de tramitar os expedientes de contratación, que son improcedentes nunha solicitude de acceso

á información e no posterior procedemento de reclamación. Así mesmo, as referencias a procedementos xudiciais alleos á solicitude, son improcedentes, polo que esta Comisión, non vai a entrar a valoralos por non ser da súa competencia.

A Secretaría Xeral de Medios ditou resolución pola que se resolve a solicitude de acceso á información mediante a remisión a un link no que figura, segundo a mesma, toda a documentación e datos solicitados que se corresponden coa contratación dun servizo para o desenvolvemento de accións de comunicación dixital das campañas de información pública.

A entidade reclamante, nas alegacións referidas á impugnación da Resolución da Secretaría Xeral de Medios, afirma que o contrato ao que se lle remite, non é nin o 1% do realizado por la Xunta de Galicia, e que a resolución non responde ás solicitudes de obtención de copia das adjudicacións de contratos menores da dita Secretaría.

De acordo coa definición de información pública da Lei galega 1/2016, e da Lei básica estatal 19/2013, as solicitudes de acceso deben estar baseadas en información xa existente e dispoñible, en poder dun organismo ou entidade suxeita á Lei, no momento no que se produce a solicitude e, ademais, debe ser información elaborada ou adquirida no exercicio das súas competencias.

Aínda que de forma xenérica, a Asociación reclamante parece dar a entender que determinada documentación ou expedientes que considera que deberían terse tramitados, non se tramitaron ou non existen. A resolución da Secretaría Xeral é clara no senso de que a documentación e datos solicitados, son os que figuran no link remitido, que se corresponden coa contratación do servizo para o desenvolvemento de accións de comunicación dixital das campañas de información. Por tanto debe entenderse que a resposta dada é conforme coa normativa de transparencia.

No caso de que deberan terse tramitados outros procedementos de contratación e non se tiveran feito, os recursos ou reclamacións nesta materia deben tramitarse pola normativa de contratos e non pola de Transparencia.

De acordo co anterior procede a desestimación da reclamación presentada, polo que en base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED] contra a Resolución do 28 de xullo de 2021, da Secretaría Xeral de Medios

da Presidencia da Xunta de Galicia de acceso a documentación das campañas en redes sociais dende 2013.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.10.28 12:28:20 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.